

## SERRA DO COUREL- Devesa da Rogueira


### AUGAS LEVADAS

Este roteiro permitiranos coñecer un dos lugares máis emblemáticos do Courel: **A Devesa da Rogueira**, un espazo de gran riqueza ecolóxica. A súa frondosa vexetación empezou a medrar, tras a retirada dos últimos xeos, dun grandioso circo glaciar da aba norte da Serra do Courel ao pé do cumio máis alto, Formigueiros. Este tapiz vexetal é unha esponxa de cores capaz de arrincar a auga do ar e das brétemas, para alimentar os seus dez regueiros, o río Seco que baixa soterrado e o río Lor. A auga destas canles permitiu ao longo dos tempos a rega (AUGA LEVADA) dos prados que serviron de sustento á poboación do lugar.

O roteiro partirá do **alto do Couto** (1311 m). Atravesando a fermosa Devesa chegaremos ao miradoiro do **Pico Polín**, o punto máis alto da ruta (1374 m). Continuaremos camiño descendendo ata rematar no Pontón, en **Ferreirós de Abaixo** (550 m). Neste singular lugar degustaremos nun **magosto** un dos produtos máis valorados do Courel: as castañas.

Guiaranos polas terras courelás un membro de "SOS Courel".

A lonxitude será de **10 km e a dificultade media**, cun considerable desnivel no último tramo.



Poema de Uxío Novoneyra "A devesa da Rogueira" (Os Eidos 2, 1974)



## DOMINGO, 27 de Outubro de 2013

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Reserva a túa praza en: [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) (sección "Terras do Miño")

(polo menos con 4 días de antelación)

*Leva comida para o camiño e roupa e calzado axeitados. O bo humor é cousa de todos e todas!*

Para calquera dúbida: 982240299 ou 679113718.



Próximos roteiros:

24 Novembro: Augas que furan - Covas de Furco (Becerreá).

15 Decembro: Augas que curan (Guitiriz).

Organiza:



Colabora:

